




Federación Galega de Caza

Un mundo con menos persoas cazadoras
A débeda da sociedade e a administración co colectivo cinexético

CADA VEZ MENOS PERSOAS CAZADORAS



- En 1990 había mais de 100.000 persoas cazadoras. O 4% dos galegos e galegas practicaban a caza
- En 2023 había 34.322 persoas cazadoras, o 1,3% da poboación da comunidade
- En 20 anos (dende 1990 a 2010) o número de persoas cazadoras reduciuse á metade
- Ao ritmo de progresión dos últimos 5 anos, nun período de 15 anos o número de cazadores non superaría os 20.000

54

A idade media da
persoa cazadora
en 2023

238

Número de persoas
que superaron o
exame do cazador
en Galicia en 2023

1239

Número de persoas
que deixaron de ser
cazadores en 2023


NON HAI REMUDA XERACIONAL




Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MENOS CAZA → MÁIS ACCIDENTES

Evolución número de persoas cazadoras 2010-2023



Evolución accidentes producidos Xabaril 2010-2023



- Entre 2010 e 2023 triplicouse o número de accidentes causados polo xabaril nas estradas galegas, mentres que o número de persoas cazadoras reducise nun tercio

2,4

Accidentes por cada 100 persoas cazadoras en 2010

Forte correlación entre un menor número de persoas cazadoras e un maior número de accidentes nas estradas


10,4

Accidentes por cada 100 persoas cazadoras en 2023



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA


Propostas económicas para compensar esta débeda



Subvención plana para tódolos Tecores



Exención do pago da matrícula anual aos Tecores



Licencia de caza gratuíta para tod@s @s galeg@s




Axuda directa á persoa cazadora por xabaril abatido



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

¿Cómo compensar esta débeda?



Licencia de caza gratuíta para tod@s @s galeg@s

- **Xa se ven facendo noutras comunidades pioneiras en xestión da caza** como Castela León ou Castela A Mancha
- **A persoa cazadora xa está obrigada a facer un custe importante** (equipamento, seguro, mantemento de armas e cans, etc)
- Ao igual que a matrícula dos Tecores, é **un ingreso pouco relevante para a administración**, pero pode ser un impulso para atraer á mocidade
- A súa gratuidade **non exime do cumprimento do resto de normativas** (superar exame do cazador, contar co resto de documentación necesaria, permisos, etc).



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

¿Cómo compensar esta débeda?



Exención do pago da matrícula anual aos Tecores

- A superficie media dun Tecor é de **5.880 Has**
- De media, un Tecor paga **650€ en taxas** pola matrícula
- Un ingreso pouco relevante para a Administración, pero **importante para moitos Tecores, sobre todo aos pequenos, que ademais deben facer fronte a custosos seguros de RC**


650 €

O que paga de media un Tecor galego pola súa matrícula anual



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

¿Cómo compensar esta débeda?



Subvención plana para tódolos Tecores

- En función da **superficie total do Tecor** a razón de **1€ / Ha para invertir no medio**
- **A superficie total dos Tecores** (Terreos con Réxime Cinexético Especial) de Galicia é de **2.645.013,24 Has**
- Axuda **proporcional e equitativa** segundo as necesidades de cada Tecor

2.645.013,24 Has

Superficie total dos terreos cinexéticamente ordeados en Galicia



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

¿Cómo compensar esta débeda?



Axuda directa á persoa cazadora por xabaril abatido

- Cada persoa cazadora gasta **unha media anual de 4.763,58 € *** para poder practicar a caza
- Aínda que é por propia iniciativa, **a persoa cazadora está invertendo do seu propio peto** na sostibilidade da caza e do medio natural
- Países como Suecia **están compensando aos seus cazadores** con ata 400€ por exemplar abatido
- Proponse, como beneficio á comunidade, **unha axuda de 50€ a cada cazador por exemplar abatido, para mantemento dos cans, das armas, etc**
- **Este importe é considerablemente inferior ao custe estimado da contratación dun servizo profesional para a caza do xabaril ou a aplicación doutras iniciativas de dubidosa eficacia como a esterilización de exemplares ou a extracción en gaiolas e capturadeiros.**

4.763,58 €*

Gasto anual medio dunha persoa cazadora na caza



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

Propostas beneficiosas para a caza e a sociedade



Recomendar a contratación dun seguro de accidentes deportivos

- A caza é **un deporte, o máis practicado pola terceira idade**, polo tanto debería ser **recomendable que tódalas persoas cazadoras, como en calquera outro deporte, contasen cun seguro de accidentes deportivos** para practicalo.
 - Os accidentes sufridos durante a práctica do deporte supoñen **un importante gasto para as arcas do SERGAS, un gasto que repercute en tódolos galegos**, sexan ou non deportistas. Un gasto que, en moitos casos, estase a reclamar aos seguros deportivos privados.
 - Dado que para a práctica da caza con armas de fogo **só é obrigatoria por lei a contratación dun seguro de R.C.**, moitas persoas cazadoras dispoñen unicamente desta cobertura, dándose situacións onde se ven obrigadas a asumir o custe das intervencións médicas derivadas de accidentes na caza
 - **É fundamental concienciar á poboación da importancia de contratar un seguro de accidentes deportivos**, xa que o SERGAS pode rexeitar cubrir os gastos médicos en caso de que unha lesión se produza practicando un deporte como é a caza
 - **A licenza federativa de caza inclúe un seguro de accidentes deportivos**, con amplas coberturas, polo que sería beneficioso para a toda a sociedade que tódolos deportistas tramitasen a súa correspondente licenza federativa
 - A licenza federativa é, ademais, unha vía para que **os deportistas máis novos accedan ao seguro deportivo gratuíto aportado polo programa XOGADE**
- En base ao datos obtidos das persoas federadas, **estímase que o custe total da sinistralidade en accidentes deportivos para o total de persoas cazadoras en Galicia supera os 300.000€**



A caza, o deporte máis practicado pola terceira idade



A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

Outras propostas necesarias para a caza



Facilitar o acceso ás probas do exame do cazador

- Comunidades como Aragón permiten **realizar o exame online**, o que facilita a realización do mesmo en calquera momento, lugar e situación persoal
- Realizar **cursos de formación** para que as futuras persoas cazadoras reciban os coñecementos necesarios para facilitar a preparación do exame



A emerxencia cinexética debe ser consensuada e programada co colectivo cinexético

- As persoas cazadoras son, en última instancia, **o brazo executor dunha emerxencia cinexética, e por propia vontade**
- A caza é unha actividade que se realiza por paixón, por tradición e por convicción, **non por obrigación**, unha sensación que está a fluír entre o colectivo cinexético
- Non se pode “obrigar” ás persoas cazadoras a cazar xabarís, sen consenso e sen compensación, **xa que non é o seu traballo**
- Actualmente a Xunta está a declarar a emerxencia cinexética por plena iniciativa, **sen consensuar as causas, as condicións nin as consecuencias co colectivo cinexético**, os maiores coñecedores da situación do xabaril nos montes galegos
- **A Federación Galega de Caza**, como principal representante das persoas cazadoras galegas, **debe ser parte importante e respectada** na planificación da emerxencia cinexética


A SOCIEDADE TEN UNHA DÉBEDA COA CAZA

Outras propostas necesarias para a caza



Xestión do lobo

- É preciso realizar todas as xestións necesarias e oportunas para a eliminación do lobo do listado de especies silvestres en réxime de protección especial (LESRPE)
- Establecer un programa para a xestión da especie acorde ás necesidades do noso entorno.



Recuperación da caza menor

- É vital a creación dun proxecto piloto para a recuperación da caza menor en Galicia, con melloras de hábitat e control de predadores.